REGULAMENTO DA PROBA

5ª EDICIÓN

5 KM CORRENDO POLA PRAIA DE RAZO, O DOMINGO, 26 DE AGOSTO DE 2018 ÁS 11:00 HS.

REGULAMENTO DA PROBA

ANTECEDENTES E FILOSOFÍA DA PROBA

O club deportivo OS MUDITOS organiza en Carballo xunto ca Federación Galega de Atletismo esta proba, recorrendo toda a Praia de Razo desde a Explanada ata a Cabreira pola area mollada. Os Muditos continua coa promoción do atletismo en Carballo e arredores ante o auxe desta práctica deportiva entre os veciños e veciñas do noso concello e levamos esta carreira a Praia de Razo pois no verán, Razo convírtese nun lugar de encontro, de ocio… d@s carballes@s e da multitude de persoas (turistas, emigrantes, extranxeiros,xente de arredores…)sendo un lugar privilexiado para a práctica deportiva e en particular para andar e correr.

Esta proba ten un carácter popular, non profesional, na que pode participar todo o que desexe. PROBA GRATUITA PARA TOD@S, maiores e pequen@s.

COLABORADORES E PATROCINADORES

Colaboran na proba: Concello de Carballo, Deputación da Coruña, Viraxes sl, Lotería Alexandra, Metal Cebey, Bema e Centro de formación rural Fonteboa.

LUGAR DE SAÍDA:

A Explanada na Praia de Razo.

CATEGORÍAS

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	2011 E POSTERIORES
SUB 10	NADO/AS 2009 E 2010
SUB 12	NADOS/AS 2007 E 2008
SUB 14	NADOS/AS 2005 E 2006
SUB 16	NADOS/AS 2003 E 2004
SUB 18-20	NADOS/AS ENTRE 1999 E 2002
SUB 23- SENIOR	NADOS/AS 1998 ATA 34
MÁSTER A	DESDE QUE CUMPREN 35 ATA 50 ANOS
MÁSTER B	DESDE QUE CUMPREN 51

HORARIOS

HORARIO	CATEGORÍAS	DISTANCIA
11:00 H	Sub18-20, Sub23-Senior, Máster A e Máster B (2 voltas)	5 km
11:40 H	Sub16 e Sub14 (1 volta)	2,5 km
12:00 H	Sub12 e Sub10 (media volta)	1,25 km
12:15 H	Pitufos	100 m
12:30 H	ENTREGA DE PREMIOS	

A partir das 10:30 hs abrirase Secretaría da proba para a retirada de dorsais.

INSCRICIÓNS

As inscricións tanto na categoría de maiores como nas probas dos/as pequenos/as é gratuita.

Na categoría de maiores o límite de participantes é de 300 participantes.

A data límite de inscrición para a proba de maiores é o mércores, 22 de agosto ás 23:59, xa que esta proba será controlada por chip.

Para inscribirse na carreira de maiores pode realizarase únicamente na páxina web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com sendo necesario en todos os casos aportar os seguintes datos: Nome e apelidos, data de nacemento, NIF con letra, localidade, federado ou non email de contacto e teléfono.

As inscricións das probas de nen@s permanecerán abertas ata o mércores, 23 de agosto ás 24:00. Non levan chip. Os datos necesarios para a inscrición d@spequen@s serán os seguintes: Nome e apelidos, data de nacemento, localidade e autorización pai/nai/titor.

Na categoría de pequen@s non hai límite de participantes.

A inscrición para as categorías de pequen@s será únicamente na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com

RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

O mesmo día da proba, ata media hora antes do comezo de cada carreira.

CONTROL DE CHEGADA

O cronometraxe correrá a cargo da Federación Galega de Atletismo.

Tódalas reclamacións deberán realizarse verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

A o largo do recorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos.

As clasificacións de todas as probas poñeranse no tablón de resultados o remate de cada proba.

AVITUALLAMENTO O FINAL DAS PROBAS E SERVIZO DE DUCHAS

O final de cada proba entregarase @s deportistas bebida,…

Baño na Praia controlado pol@s socorristas do concello de Carballo ou servizo de duchas na propia Praia de Razo.

PREMIOS

Recibirán trofeo/medallas os tres primeiros e as tres primeiras clasificadas da carreira de maiores dos 5 km.

Recibirán trofeo/medalla os 1º e as 1ª clasificad@s de cada categoría, menos os pitufos que levarán tod@s @s participantes medalla.

Recibirán un premio especial o primeiro e primeira clasificad@ do concello de Carballo.

Ningún deportista levará máis dun premio.

Daremos un premio especial "A vida co deporte".

SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL

Tod@s @s participantes inscrit@s estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes (licencia ou licencia de día) e responsabilidade civil concertada por o club deportivo Os Muditos. Estarán excluidos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, neglixencia, inobservancia das leis,… Tamén quedarán excluidos os producidos por desprazamentos a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.

Todo o non recollido no presente Reglamento rexirase polas normas da FGA, RFEA e IAAF.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba, nin persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén

quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.